



V certame literario

CONCELLO DE AMES
narrativa e poesía

08



V Certame Literario

Concello de Ames



V Certame Literario

CONCELLO DE AMES

Textos premiados na edición do ano 2008



Concello de AMES

Concellaría de Cultura, Deportes
e Patrimonio Histórico

© Concello de Ames

Edita:

Concello de Ames
Praza do Concello, 2. Bertamiráns
15220 Ames. A Coruña

Imprime:

Plana Artes Gráficas, S.L.
Santiago

Depósito Legal: C 1128-2009

Este volume é o marco para presentar aqueles traballos que acadaron premio na quinta edición do certame literario convocado polo Concello de Ames.

O feito de non figuraren neste libro non quere dicir que algúns dos traballos que non foron premiados non merecen estar tamén reflectidos nestas páxinas, pero sempre hai que facer unha escolla e tratar de elixir entre todos os que presenten aspectos importantes de estilo, creatividade, orixinalidade e tamén imaxinación. Polo tanto, neste libro aparecen tres traballos de cada unha das categorías de narrativa e de poesía seleccionados polo xurado que estudou e valorou todos os exemplares presentados no certame do ano 2008.

Temos que lembrar que a finalidade deste concurso literario é darlle unha oportunidade a aquelas persoas con inquiredanzas literarias que aínda están comezando. Así, teñen ocasión de crear textos que alguén de recoñecido prestixio dentro do eido das nosas letras vai xulgar e valorar.

Os diferentes traballos premiados nesta edición abarcan unha composición variada, tanto en estilos como en temáticas, aínda que hai certa coincidencia no imprevisto e no enigmático que algúns textos expresan. A sorpresa, o misterio e o amor “difícil” ou imposible afloran no interior das liñas do texto de forma velada ou disimulada ata crear esa dúbida ou incerteza no porvir e no desenvolvemento da historia que narra. Uns máis e outros menos van xogando co/a lector/a deste xeito para mantelo/a intrigado/a ata chegar á solución final.

Quero agradecer a todas as persoas participantes o seu esforzo, fose ou non premiado, e animalas a seguir creando e producindo novos textos que irán facendo mellor e máis grande o seu traballo e esforzo diario.




¡Ánimo e adiante sen parar!

Francisco Villaverde Marcos
Concelleiro de Cultura, Deportes e Patrimonio
Concello de Ames




TABALLOS PREMIADOS

NARRATIVA




1ª CATEGORÍA (ata os 14 anos)

-  **1º premio:** • Título: *Ó fin reunión familiar*
• Autor: **Xaime Santiago Subiela** (Sota de Souto)
-  **2º premio:** • Título: *Enmask: o reino celestial,*
• Autor: **Pedro Cortegoso Doval** (Enmask X)
-  **3º premio:** • Título: *Cartas agochadas*
• Autor: **Anxo Gende Seoane** (Mandacarú)

2ª CATEGORÍA (dos 14 aos 18 anos)

-  **1º premio:** • Título: *O tempo que nos queda*
• Autor: **Daniel Martínez Mariño** (Clepsidra)
-  **2º premio:** • Título: *O Cartel*
• Autora: **Lorena Riveiro Rodríguez** (Clío)
-  **3º premio:** • Título: *Un verso do poema*
• Autora: **Noelia Martínez Rey** (Mare)




3ª CATEGORÍA (máis de 18 anos)

-  **1º premio:** • Título: *Primeira noite*
• Autora: **Conchi Lago Ces** (Peso neto)
-  **2º premio:** • Título: *O derradeiro voo de P.P.*
• Autor: **Xosé Anxo Corral Suárez** (Robinia)
-  **3º premio:** • Título: *Número oculto*
• Autor: **Moisés Álvarez Jorge** (Buxo)




TABALLOS PREMIADOS

POESÍA




1ª CATEGORÍA (ata os 14 anos)

-  **1º premio:** • Título: *O Castelo encantado*
• Autora: **Nuria Rodríguez Rivas** (Lily)
-  **2º premio:** • Título: *Reflexión*
• Autora: **Gabriela Legaspi Fernández** (Curuxa)
-  **3º premio:** • Título: *Ah, poesía*
• Autora: **Minia Monteagudo Vilavedra**
(Mosca pontevedresa)

2ª CATEGORÍA (dos 14 aos 18 anos)

-  **1º premio:** • Título: *Memorial de Malditos*
• Autora: **Rosa Catarina Piñeiro Fariña** (Rosacati)
-  **2º premio:** • Título: *Que longa*
• Autora: **Lucía Paniagua González** (Vila)
-  **3º premio:** • Título: *Amores do mar*
• Autora: **Lucía Campos Rilo** (Rosalía)

3ª CATEGORÍA (máis de 18 anos)

-  **1º premio:** • Título: *Agora*
• Autor: **Alberte Momán Noval** (V de Vian)
-  **2º premio:** • Título: *Combustión de la meiriña*
• Autora: **Alba Cid Fernández** (Dedaleira)
-  **3º premio:** • Título: *O tabernícola*
• Autor: **Heriberto José Villar Patiño** (Ken For)

O xurado do *V Certame Literario Concello de Ames* estivo formado polas seguintes persoas:

Anxos García Sumai

Inma López Silva

Rafa Vilar González

En represenación do Concello de Ames, actuou como secretaria Rosa Moreiras Cuñarro.

ÍNDICE

Narrativa.	15
– <i>Ó fin reunión familiar</i> , Xaime Santiago Subiela.....	17
– <i>Enmask: o reino celestial</i> , Pedro Cortegoso Doval	23
– <i>Cartas agochadas</i> , Anxo Gende Seoane	33
– <i>O tempo que nos queda</i> , Daniel Martínez Mariño.....	41
– <i>O Cartel</i> , Lorena Riveiro Rodríguez	51
– <i>Un verso do poema</i> , Noelia Martínez Rey.....	59
– <i>Primeira noite</i> , Conchi Lago Ces.....	67
– <i>O derradeiro voo de P.P.</i> , Xosé Anxo Corral Suárez	73
– <i>Número oculto</i> , Moisés Álvarez Jorge	81
 Poesía.	 87
– <i>O Castelo encantado</i> , Nuria Rodríguez Rivas.....	89
– <i>Reflexión</i> , Gabriela Legaspi Fernández	93
– <i>Ah, poesía</i> , Minia Monteagudo Vilavedra.....	97
– <i>Memorial de Malditos</i> , Rosa Catarina Piñeiro Fariña	101
– <i>Que longa</i> , Lucía Paniagua González	107
– <i>Amores do mar</i> , Lucía Campos Rilo.....	111
– <i>Agora</i> , Alberte Momán Noval	115
– <i>Combustión de la meiriña</i> , Alba Cid Fernández.....	121
– <i>O tabernícola</i> , Heriberto José Villar Patiño.....	125



Narrativa



Ó fin reunión familiar

Xaime Santiago Subiela (Sota de Souto)

1º premio da 1ª categoría

¡Ola! son Cachucha de Porco. Vivo no fondo da miña aldea, chamada Frigorífico. A miña aldea é un pequeno edificio e os veciños vivimos en distintos niveis. Os mais privilexiados son os ovos que son os que teñen mellores vistas porque viven en balcóns.

Eu vivo co meu irmán Lacón, e a súa moza Ristra de Chourizos e os meus sobriños os garabanzos, pero a maior parte do tempo están na piscina; eu normalmente estou na casa da miña avoa, a Lingua, que fala polos cobados. Vou tódolos días visítala, pois non vive moi lonxe; sabes onde vive o Queixo? Pois do outro lado da casa verás dúas cebolas. Pasas por diante e ao dobrar a esquina, encontraras a casa da miña avoa. O avó Xamón Serrano non sei onde vai. Un día saíu co Pan Reseso e xa non voltou.

A casa da miña avoa é moi acolledora, e sobre todo ten XYR (xamón york revolution) que é unha cousa da internes que furrula caralludamente. Un día, voltando da casa da avoa, parei na casa do Queixo do País. A avoa mandárame que lle entregara un sobre cos cartos que lle debía por irlle cortar o cespede. Cando petei á porta ninguén me contestou. O Queixo vive só. É bo tipo pero dende que lle marchou o seu compañeiro o Marmelo non é o mesmo, ca saudade saíronlle ollos. Ten bo sentido do humor, pero encubreo coa personalidade de home solitario e rosmón. Decidín marchar, pero ó achegarme á cancela vin unha nota que poñía:

-Temos ó señor queixo.- asinado pola “Parte oscura”.

O señor Queixo estaba perdido. ¡tiña que salvalo! Baixei á parte oscura. Alí estaban todos os maleantes: as Coca Colas, o Kas...pero o que máis asustaba era o seu xefe Miguel, ao que por respecto e temor, chamábano “San Miguel”. Este tiña unha tatuaxe que poñía: “% sin alcohol”.

Cando cheguei non tiven tempo de reaccionar porque cinco Coca Colas que me esculcaban dende a escuridade tiráronse-me enriba e logo dunha desigual loita conseguiron atarme. Mentras intentaba fuxir caín de fuciños e partín un dente. Logo fixeime que os Kases pasabanse unha Coca Cola. Con toda a miña forza escupínlle o dente e abrínlle unha fenda, e desta saíu a presión un noxento chorro escuro con moita espuma. A lata laiabase que daba medo, mesmo parecía unha serpe. “Fssssh...”

Esta escena distraeu ás outras latas, que se acercaban a axudala. Nese intre o señor Queixo saíu dunha cabana, tirando a porta abaixo. Soltoume e saímos de alí a fume de carozo deixando atrás os intres máis inesquecibles das nosas vidas.

Ó chegar á casa do señor Queixo fixemos un intercambio de agradecementos. E logo dinlle os cartos que me dera a avoa e cando me dispoñía a marchar mandoume agardar un intre, entrou na casa, e pasado un anaco, saíu cun libro nas mans. Deumo e puiden ver que se trataba dun albún de fotos. Leveino á casa e mireino con meu irmán. Eran fotos do meu pai. Nos non somos de frigorífico, nos nacemos en Paramuiño, unha aldea moito mais grande. Meu pai era o Porco de Ceba, e un día de San Martiño, miña nai A Morte, levouse a súa alma. Eu saín ó meu pai na cara, somos idénticos. Meu irman só se lle asemellaba nas pernas. Por fin, xa coñeceramos a meu pai, e agora queríamos saber da miña nai.

Ó día seguinte saíu o sol, e entrou na aldea unha cousa moi parecida a un ovo con cinco salchicas pegadas ó seu alrededor.

Tiña visto no XYR da avoa, que se chamaba man . agarrrounos a min, meu irmán, a súa moza e maila aboa. Fomos buscar ós garabanzos á clase de natación e logo meteunos nunha piscina máis grande e climatizada. Pasado un anaco veunos buscar miña nai e levounos a un lugar onde se estaba mellor.

E así, finalmente, reuniuse toda a familia.



Emmask: o reino celestial

Pedro Cortegoso Doval (Enmask X)

2º premio da 1ª categoria

Capítulo I

Todo comezou o día 11 de marzo. Era inverno, case primavera, pero a mañá resultaba estrañamente xélida, e un mozo de 15 anos camiñaba indiferente pola beirarrúa. Chamábase Enmask. Era un rapaz esvelto e forte, co pelo dun carmesí intenso e uns ollos verdes como esmeraldas. Vestía uns vaqueiros azuis, e unha camiseta vermella como un rubí, adornada cun lobo dourado. Levaba unha vida tranquila, pero non sabía o que se lle viña enriba. Era nativo de Altair, a Cidade das Nubes, aínda que non llo comentaran nunca. Agora residía nun pobo corrente, no chan. Era exactamente a clase de lugar que os habitantes de Altair chamaban “terras baixas”. El seguiu camiñando cara o seu fogar, un rañaceos de vinte metros de altura, aínda que, por razóns que descoñecía, xamais tivera vertixe. Cando se atopou xusto no portal da edificación de pedra e metal, o tempo detívose e apareceron, como saídos da nada, uns enormes monstros prateados. Entón, de non se sabe onde, sacou un inmenso valor e colleu un pau grosso que había no chan, disposto a combatelos, pero unha das criaturas golpeouno polas costas e deixouno inconsciente.

Cando espertou, atopouse sobre unha... ¿nube?! Non, era unha rúa, aínda que sí se atopaba nunha nube. Buscou sinais dos monstros, pero non os atopou, mais no lugar no que se atopaba o pau estaba unha magnífica espada. A empuñadura era de amatista exquisitamente pulimentada, rematada nun pico de ouro, que lle daba a forma dunha perfecta cabeza de aguiá, e a folla era de prata pura; en definitiva, unha arma per-

fecta. Recolleuna do chan, introduciuna nunha funda dourada ubicada ao seu lado, colgouna ao lombo e botou a andar.

Capítulo II

Ao cabo dun tempo camiñando, chegou a unha cidade. Aproximouse a un edificio que se atopaba no centro da mesma e atopou aos monstros que lle atacaran. Entón, sacou a espada, lanzouse contra eles e deu dous torpes mandobles, que os monstros esquivaron sen dificultade, e atacáronlle polas costas, pero nesta ocasión outra espada acabou con aquelas criaturas tan estrañas. Quen a brandía era un xoven, aparentemente da súa mesma idade, aínda que menos atractivo e atlético. Cubríase unicamente cunha túnica cor púrpura. Entón, o xoven descoñecido falou:

-Anxelom shalom skyon.

E colocoulle un colgante prateado no pescozo.

-Chámome Bird, e o colgante que che acabo de dar é un obsequio da familia real, co que te poderás comunicar cos da nosa raza.

-Eu son Enmask, e veño da Terra; por certo, que lugar é este?

-Non son eu quen cho debe comunicar, senón os teus pais.

-Pero se eu...

-Cando chegue o momento, saberás toda a verdade.

Así que botaron a andar, internándose nunha fraga cercana. Cando chegaron a un enorme claro que se abría no mesmísimo corazón do bosque, Bird detívose.

-Antes de nada, como vexo que portas unha espada, ensináreiche a combater.

E desenfundou a súa arma. Acto seguido, arremeteu contra Enmask, que tentou esquivala inutilmente, pois caeu ao chan, morto de medo, aínda que Bird non tiña intención de golpearlle. E seguiron coa clase durante unha hora, ata que, asombrosamente, Enmask se convertiu nun destro espadachín. Un tempo despois, chegaron a unha enorme edificación no medio das árbores.

Capítulo III

Internáronse naquel edificio sen sentido, con escaleiras que subían e baixaban, que se retorcían, e tan pronto estaban cara abaixo como cara arriba; definitivamente, un auténtico labirinto. Por iso lle sorprendía a soltura coa que se movía Bird. Ao final, chegaron a unha zona oculta do primeiro piso, no que relucía unha enorme porta dourada.

-Entra- dixo Bird.

Entrou pola porta con desconfianza, e descubriu unha enorme estancia na que repousaba unha criatura que lle resultaba extrañamente familiar. Estaba dotada dunha intensa cor dourada, cabeza triangular, fortes ás, e patas con afiadas gadoupas, sen esquecer uns dentes brillantes de polo menos seis centímetros, ubicados nunca boca da que saía un leve fume escarlata. Entón falou Bird:

-Este dragón é teu, chámase Gold e valo necesitar para chegar ao Palacio de Altair.

- Altair ? Que é Altair ?

-É a capital do noso mundo, no que están acontecendo cousas horribles, polo que necesitamos a vosa axuda, oh, Enmask, heroe das lendas.

- Qu... que quere dicir isto, Bird?

-Agora non cho podo decir; jagárrate ben!

E montouno no lombo de Gold, que vomitou unha lapa de lume azul e saíu voando.

Ao cabo dun tempo, chegou a Altair; non era a fermosa cidade que imaxinara. Camiñando, chegou a un palacio, no que se internou rapidamente, sen saber os perigos que ía correr nese mundo á vez tan estraño e tan familiar.

Tería razón Bird co do heroe da lenda?

Capítulo IV

Dentro do edificio, había escenas de guerra nas que aparecía el. Co medo metido no corpo, seguiu pola escaleira de caracol ata que chegou a un tramo no que, tallados na parede, había varios símbolos, que tocou coa espada nunca secuencia que en altairense significaba “vida”. Automáticamente, a parede moveuse, revelando unha habitación na que durmía unha moza. Achegouse a ela, e a porta pechouse. A rapaza espertou, e o feito de que estivera el alí agobiouna. Era unha auténtica diva, cunhas interminables guedellas douradas, unha beleza arrebatadora e uns enormes ollos.

- Enmask...- dixo

- Zafina...

Resultou como se se saudaran un día calquera. Zafina púxose unha chaqueta de escamas de dragón, e uns pantalóns axustados do mesmo material, que tiña a mesma cor verde esmeralda. Baixo a chaqueta, tamén axustada, puxo unha camiseta azul zafiro. O conxunto resaltaba claramente as súas curvas femininas.

- Ségueme- dixo

Chegaron a un tramo no que remataban as escaleiras, e no teito había un círculo multicolor.

Zafina saltou, e o seu corpo volveuse luz. Cando volveu ao seu estado normal, no seu lombo brotaran dúas enormes ás carmesí.

Lanzoulle un colgante dourado a Enmask e díxolle que se tirara. Tirouse, e obtivo o mesmo resultado, aínda que cunhas ás douradas e moito máis extensas que as de Zafina. Acto seguido, Enmask tentou subir, pero sen conseguilo.

- Só tes que desexalo, móveste mentalmente.

Enmask concentrouse, pensando que subía, e... ¡SÍÍÍÍÍ!
¡SUBÍAAAAAAAAAAAAA!

Capítulo V

Ao final, voaba e facía piruetas no aire de maneira inconsciente. Subiron polo “portal dimensional”, según Zafina, así se chamaba. Ao saír, apareceron nunha enorme sala, na que unha parella de mediana idade corría cara a eles, en medio de explosións que rompían as ventás.

- ¡Non hai tempo para explicacións!- dixo o home

- Tedes que saír de aquí- continuou a muller

Entón, unha explosión catapultou aos rapaces cara ao exterior a través dunha ventá, rompéndoa. As súas ás desapareceron, pero por sorte, Gold, o dragón de Enmask, estaba de servizo, e recolleunos no aire. Unha vez montados, con Enmask ao fronte, Gold deulle a este unha mensaxe telepática:

-“Temos que poñer rumbo á Cidade de Cristal, estase a librar a Batalla Final.”

- Pois imos.

E saíron voando a toda velocidade.

A cidade realmente era de cristal; as únicas construcións eran enormes edificios flotantes, que se derrumbaban en medio da loita. Enmask topouse con que Bird asasinaba aos do seu bando. Así que chamou ás súas ás, achegouse a el, e díxolle:

- Bird, que fas?

- Ola, Enmask...

E fíxolle un profundo corte no peito coa súa espada, o que deixaba a Enmask en clara desvantaxa.

- Es un traidor, Bird...

- Parece que non sabedes dicir outra cousa.

Capítulo VI

E arremeteu de novo contra Enmask, aínda que desta vez, este esquivou o golpe e contraatacou, pero Bird sacou as ás e votou a voar, esquivándoo. Enmask seguiuuno, e mentres combatían, preguntou:

- Por que fas isto, Bird?
- Pois é moi sinxelo, vou controlar o Reino Celestial.
- ¡Estás tolo!
- Ti cres?

E lanzou a espada de Enmask polos aires.

De repente, unha frecha deulle a Bird no peito. Era Zafina, que traía a espada de Enmask. Este último aproveitou a ocasión para lanzar ao seu inimigo contra un edificio. Antes do impacto, lanzoulle a espada, que lle deu de cheo. Bird fixo un xesto de dor, que lle quedou gravado para sempre. A batalla cesou de súpeto, e apareceron o home e a muller que vira no palacio.

- Somos os reis deste mundo, e estes, os teus pais.
- Fillo, ¡ven aquí!- dixeron os pais de Enmask.

Este deulles unha forte aperta. De repente, apareceu tamén Gold.

Enmask tomou a palabra:

- Sei que sodes os meus verdadeiros pais, pero no outro mundo teño outros pais que tamén me queren; marchó, pero visitareivos todas as vacacións. Ata logo a todos. Adeus, papá; adeus, mamá; adeus, Gold; adeus Zafina...

Pero Zafina tiña bágoas nos ollos, e saíu correndo cara a Enmask. Despedíronse, e o rapaz saíu voando cara abaixo, cara as Terras Baixas.



Cartas agochadas

Anxo Gende Seoane (Mandacarú)

3º premio da 1ª categoría

Andrés estaba amolado, non entendía o que fixeran os seus pais. Eles dicían que agora vivirían mellor, que terían máis “calidade de vida”, que o cambio de casa ía ser bo para todos. Marcharon do seu piso de Santiago onde el nacera, deixara a súa escola e os seus amigos e agora vivía nunha das moitas casas acaroadas que fixeran pola zona de Ortoño, preto do novo colexio onde tamén iría Andrés. Se tivera máis forza de vontade faría unha folga de fame –pensou- pero sabía que non aguantaría. Pensaba nesa fonte de raxo que había na neveira, nesa restra de chourizos afumados e nese botelo que había encol da mesa da cociña produto da última matanza na casa dos avós, aló na Fonsagrada. Quen ía resistirse a comer eses manxares que eran gloria bendita! El non, desde logo, coñecía-se moi ben.

A escola era nova e iso notábase, todo estaba limpo e había un olor especial. Os nenos que xa se coñecían xuntábanse e falaban moi animadamente, eu que non coñecía a ninguén estaba só e daquela foi cando reparei nunha nena que parecía andar máis perdida ca min.

De volta á casa vin que os dous colliamos o mesmo camiño e comecei a falar con ela. Así souben que se chamaba Sofía e que era arxentina. Sofía mesturaba o galego con palabras da súa terra e así dicía: “oíches pibe”, esa mestura dáballe un aquel ben xeitoso cando falaba.

Ademais de compañeiros as nosas casas estaban pegadas polo que eramos tamén veciños, por iso e porque era moi simpática estabamos sempre xuntos.

Cando ía á súa casa, a súa nai sempre me ofrecía un mate que é o mesmo que ofrecer nós un café aos nosos convidados. Ao principio resultábame moi amargo pero xa fora por acompañar a Sofía ou polo que me gustaba onde se tomaba ao final acabei tomándolle o gusto e aceptáballo de bo grado.

O cuarto de Sofía estaba cheo de fotos: amigas, a súa casa na Arxentina, a súa familia e tamén había unhas fotos impresionantes dunhas baleas no Estreito de Magallanes. As fotos fixéraas seu pai.

Doume mágoa porque ela estaba moi lonxe de todo o que quería, pode que nunca máis volvera alí. E eu que sempre me andaba queixando tiña todo o que botaba de menos a 10 quilómetros!.

Contoume que seus pais sempre quixeran regresar á terra do bisavó, ademais a situación no país estaba difícil.

- De onde era el? -preguntei-.

- Exactamente non sabemos, pero era de por aquí. Cando morreu o bisavó aínda era novo, había pouco que casara e o seu fillo, o meu avó, aínda non tiña dous anos polo que nunca lle puido falar del a meu pai. A bisavoa si viviu máis tempo pero tampouco sabía moito da súa vida antes de casar. Falaba sempre de volver para que o seu fillo coñecera todo isto. E aquí estamos nós para cumprir o seu desexo!.

- Non tiña familia aquí?

- Se a tiña, a miña bisavoa non o sabía.

- Que fas avó?- preguntei-

- Xa ves, plantando unhas roseiras, eu quería poñer unhas

patacas pero túa nai díxome que non quedarían ben, debe ser que non é moi fino ter patacas diante da casa -dixo con sorna-

O avó vivía con nós desde que morrera a avoa; é o pai de mamá. Eu queroo moito porque sempre me defende diante dela e dáme a razón.

Cando xa Sofía mais eu iamos entrar na casa, escoitei que dicía:

- Topei cunha pedra ben mala de sacar. Oh, pero isto que é?. Que me parta un coco se isto non é unha caixa! Andrés! Andresiño, vén neno!

Cando cheguei tiña nas mans unha caixa metálica que polo tempo que levaba enterrada estaba bastante enferruxada. O avó entregouma con moito aquel, como se fose un tesouro. Teño que recoñecer que me puxen un pouco nervioso. Entramos no garaxe para buscar algunha ferramenta que nos axudara a abrila, era complicado porque a caixa estaba en mal estado pero ao fin conseguímolos. Os dous estabamos intrigados, que habería alí dentro?. Con moito tino sacamos unha bolsa coitadosamente dobrada e nela había uns exemplares da revista “Vida Gallega” dos anos 1935 e 1936 e mais un feixe de cartas atadas cunha cinta. O avó e mais eu estabamos emocionados co achado, non se trataba de ningún tesouro, eran as pertenzas de alguén que quixo mantelas en segredo pero... por que?.

A Habana, febreiro 1936

A viaxe en barco fíxose interminable, mirase para onde mirase só vía auga por todas partes, e así moitas semanas. Unha noite cando non había ninguén na cuberta desfixenme deso que ti sabes, tireino ao mar. Ninguén o vai atopar nunca e ninguén me poderá botar a culpa.

A miña chegada a esta cidade cadrou en sábado, no peirao había un mercadoño e nel vendíanse froitas que na miña vida vira. Vai calor aquí, ás veces é tan abafante que non te deixa durmir. Estou quedando na pensión do noso veciño de Bugallido. Traballo coma xornaleiro nas plantacións de cana de azucre.

Agradézoche unha vez máis, que me foses despedir a Vigo.

Terás noticias miñas. R.B.R.

O avó , Sofía e mais eu quedamos mudos ao rematar a carta.

- Que querería dicir con iso de que botou ao mar “iso que ti sabes”? -dixo Sofía-.

- Se cadra matou a alguén aquí e desfíxose da pistola ou do coitelo -dixen eu, que son bastante argalleiro e que xa me estaba emocionando-.

- Claro por iso tivo que fuxir –engadiu Sofía-.

- Sodes ben peliculeiros, se cadra a realidade é máis doada –díxonos o avó-.

Brasília 1936

Hai uns meses que viñen para o Brasil. Co que aforrei en Cuba merquei unha pequena mina nesta terra.

Din que aquí está a maior selva do mundo: a do Amazonas. Este é un país moi grande, a xente fala case coma nós.

Aquí a vida non é cara e aínda que podo aforrar algo, sei que non hei volver nunca.

Sei que aí estades en guerra, as noticias son escasas. Estou preocupado por vós.

R.B.R.

De camiño á casa, viñamos falando do aire misterioso daquelas cartas.

- A quen irían dirixidas? –dixen eu-.

- Non sei, se cadra á familia ou a unha noiva –contestou Sofía-.

- Que tiraría ao mar? E por que marcharía de aquí?. Eran preguntas que nos andaban pola cabeza e para as que non tiñamos resposta.

Bos Aires, 1940

Pola última carta túa sei que todos estades ben.

Pasaron moitas cousas nestes últimos anos, a máis sorprendente foi que na miña mina atopei ouro, quen o ía dicir!, non é moito pero si o suficiente como para comprar polo sur deste país unha boa extensión de terra e un bo número de gando. Heime converter nun auténtico gaucho.

Dáme mágoa pensar que nunca máis hei regresar a Galicia pero, despois do que pasou, ti sabes que é perigoso.

A morte do meu irmán xemelgo foi unha desgraza pero non estou arrepentido de ter collido a súa documentación e facerme pasar por el deixando crer a todo o mundo que o morto era eu. Creo que era a única maneira que había para non ter que ir á guerra. Nunca entenderei as guerras! Non podería vivir sabendo que matei a alguén. Os meus documentos tireinos ao mar, desde ese momento xa deixei de existir.

O avó, Sofía e mais eu quedamos coa boca aberta. Así que non era ningún asasino -dixemos a coro-.

- Que máis pon a carta? -dixo o avó-.

Creo que é perigoso escribirche cartas polo que che pido que, así que as leas, te desfagas delas ou as agoches moi ben.

A última noticia que che dou hoxe é que vou casar cunha moza argentina. Cando deamos arranxado todo iremos cara o sur comezar unha nova vida.

Saúdos para todos.

R.B.R.

- Estou seguro que era un bo home e que a decisión que tivo que tomar non foi nada doada, -dixo o avó-.

- Hai, hai,... unha foto -dixen-

Era unha foto en branco e negro moi antiga. O home estaba de pé, era moreno, alto e con bigote. Tiña traxe e gravata e unha man pousada nunha cadeira. Pola parte de atrás poñía: R.B.R., 1940.

Estabamos pampas os tres. Sofía, sen dicir palabra, saíu correndo e cando volveu traía un sobre na man. Estendeu o brazo para darme, abrín o sobre e saquei unha foto exactamente igual á que había na carta. Mirei para ela sen entender nada.

- É a única foto que temos do meu bisavó, -dixo treméndolle a voz-. Deille a volta á foto e poñía: Roxelio Barbeito Ramallal, 1940.

O tempo que nos queda

Daniel Martínez Mariño (Clepsidra)

1º premio da 2ª categoría



O avó érguese todos os días as sete e punto da mañá, almorza na cociña —café con leite e biscoito— e logo fica sentado todo o día diante da porta da rúa, vestido co seu mellor traxe, a gabardina dobrada sobre as pernas, o bastón nunha man, na outra un vello horario de trens do ano 1957 e unha pequena maleta a carón dos pés. Só se move de alí para xantar e para darlle corda aos reloxos da casa. Despois do café da sobremesa volve ó seu posto e fica sentado como se estivese a piques de marchares a algures.

—E logo, señor Antón, seica se nos vai de viaxe? —preguntoulle unha vez o carteiro ó velo con aquela facha.

O avó Antón mirou para el como se non entendese de que lle estaba a falar.

—De viaxe eu? —preguntou estrañado—. Non sei, se cadra algún día... de viaxe... si, é posible...

Todos os da casa din que o avó Antón está tolo. Demencia senil seica é o nome exacto da súa doenza, un mal que padecen os anciáns e que non ten cura. Mamá, papá o meu irmán Raúl. Todos a dicir que o vello perdeu o siso. O único que non acepta o diagnostico dos médicos é o tío Ramón, irmán do meu pai e fillo tamén do avó Antón.

—Ti non o aceptas o que din os doutores porque estás máis tolo que el —dille o meu pai cando cansa de oílo expor as súas teorías acerca do que lle acontece ó avó.

O certo é que o tío Ramón ten licenza para dicir o que lle pete, así sexa a arroutada máis grande do mundo. Ninguén lle fai moito caso. Un día dixo que viña da horta de falar cun trasno que vivía embaixo dunha verza e ninguén pareceu asombrado polo anuncio. Se eu dixese que falo cos trasnos seguro que rían de min, sobre todo Raúl, o moi parvo, cunha intelixencia que lle colle toda nun alfinete e que non sabe o que ha facer por me amolar. Pois iso, que o tío Ramón pode dicir o que se lle antolle. El di que ese é o único privilexio do que goza quen pasou case un ano encerrado nun psiquiátrico en Santiago por mor dunha noiva que, o mesmo día da voda e coa igrexa chea de xente, non se presentou no altar.

—Andrea, ¿ti queres saber o que lle pasa ó avó Antón?
—pregúntame un día o tío Ramón— ¿A verdade verdadeira que só sabemos el mais eu?

Eu respóndolle que si. Entón el dime que erga a man dereita e faime xurar que non llo vou a contar a ninguén máis. Xuro. Saímos ó xardín, sentamos nun banco, á sombra dunha maceira. O tío Ramón non fala ata estares seguro que non hai ninguén que poida oír a nosa conversa.

—¿Ti sabes o que é un sismo? —pregúntame.

—Un tremor de terra. Algo sei do asunto. Non hai moito que o profesor de ciencias explicounos ese tema na escola.

—Hai uns meses produciuse un tremor de terra con epicentro en Triacastela. Pouca cousa, unha miudeza que case non chegou a 2,5 na escala de Richter. Os tremores de tan pouca magnitude só son percibidos polos sismógrafos e por algún animal, e tamén, excepcionalmente, por persoas con moita sensibilidade, como o avó —o tío Ramón fica calado un intre para darlle máis dramatismo ás súas palabras, érguese para coller unha mazá da maceira, pégalle unha trabada e logo segue

a falar coa boca chea—. O tremor descolocoulle as ideas todas da cabeza, remexeullas como fan os xogadores de dominó coas fichas antes de comezar unha nova partida, non lle deixou nin unha soa no seu sitio, e por iso anda o pobre vello un chisco desorientado. Xa sabes a verdade, pero recorda, non lla podes contar a ninguén.

O avó Antón era reloxeiro. Tiña unha pequena relojería preto da Praza de Abastos que herdou do seu pai, un home que estivera moitos anos emigrado en América e que volvera para casar e montar a primeira relojería da vila. O mesmo que seu pai, o avó Antón dedicábase sobre todo a vender e reparar reloxos. Mais a súa verdadeira vocación —case unha paixón— era fabricar modelos novos a partires de pezas de reloxos inservibles. Espallaba todas as pequenas pezas sobre a súa mesa e aos poucos, cunha precisión milimétrica e moita paciencia, ía montando cada peza no seu lugar. O momento máis importante era cando a avó colocaba coa axuda dun pequeno desaparafusador a agulla dos segundos.

—Achégate, Andrea —diciá o avó cunha voz emocionada—. Vas ser testemuña dun pequeno milagre.

Só naquel intre, despois de manterme coa alma nun fío coas súas misteriosas manobras, o avó Antón afastaba as mans do reloxo para que eu ficase abraiada contemplando o movemento da agulla dos segundos. O que no ía moito non eran máis que unha chatarra miúda espallada sobre a mesa transformárase por obra e gracia da súa habelencia nunha máquina precisa que latexaba nas miñas mans como un pequeno corazón. O avó ollaba con orgullo a súa creación e entón, con moita solemnidade diciá:

—Non esquezas nunca que o tempo nin se gana nin se perde...

—...o tempo vívese—interrompíao eu, que xa sabía de memoria a súa ladaíña.

O avó Antón ten unha chea de reloxos da súa propiedade, non só na relojería senón tamén na casa. Hainos no salón, no corredor, no comedor, na cociña e en todas as habitacións. O avó é quen se encarga de darlles corda e de se asegurar que estean perfectamente sincronizados, de tal xeito que o barullo que se produce ás horas en punto, ás e media, e ós cuartos é algo impresionante. Incluso agora que anda un pouco delicado de saúde é el quen se ocupa diariamente dos reloxos. Hai dous anos que pechou a relojería. As súas mans tremen e a vista xa non é tan boa como era antes, por iso ás veces eu ofrézome para lle botar unha man.

—Queres saber cal é o reloxo que máis pezas ten?

—O Big Ben de Londres?

—Frío, frío.

Póñome a rillar os miolos mentres o avó asubía un pasodobre. Son neta dun reloxeiro e non podo fallar. Despois de un par de minutos creo que xa sei a resposta.

—O reloxo de Praga. O que ten os doce apóstolos que rotan cada hora. Xa sabes cal é, o da Praza do Concello de Praga...

—O reloxo astronómico de Orloj.

—Ese mesmo. Faláchesme del unha vez —chíscolle un ollo ó avó—. Acertei, non si?

O avó sorrí e cofa a barba branca. Ese aceno abunda para decatarme de que non acertei.

—Calquera reloxo de area, por pequeno que sexa, ten máis pezas que reloxo de Orloj.

Non esaxero se digo que todos os reloxos a sonar ó unísono meten máis ruído que todas as campás das igrexas da vila. Moitas visitas que veñen por vez primeira á nosa casa pregúntannos como é posible que poidamos vivir con semellante balbordo de engrenaxes. O que pasa é que estamos tan afeitos ó tictac dos reloxos que non nos molesta. Teño para min que os nosos corazóns latexan xa ó mesmo ritmo que os reloxos, mesmo penso que se o doutor nos auscultara o peito cun fonendoscopio o que habería de oír sería: tictac, tictac, tictac

Unha tarde, ó chegares da escola apercibo algo moi estraño na casa. O avó está sentado onde sempre, coa gabardina, o bastón, o horario dos trens e a maleta. Paréceme máis ensumido nos seus pensamentos que de costume. Doulle un bico, deixo a mochila no meu cuarto e de seguido percorro a casa para ver se dou pescudado cal é o misterio que me está a desacougar. Despois de entrar en todas as habitacións teño que recoñecer que a orde é a de sempre (no caso da habitación do meu irmán Raúl máis ben a desorde). Non hai cortinas novas nin tampouco ninguén moveu os mobles do seu sitio. Entro na cociña e atopo ó tío Ramón sentado na mesa a engulipar un plátano. Debe de notarme algo raro na cara porque non tarda nin un segundo en me preguntar se me atopo ben. Respóndolle que si e sento ó seu carón.

—Pasou algo hoxe nesta casa, tío?

—Decatácheste! —berra e axita a monda do plátano na man coma se fose unha bandeira—. Es unha nena moi lista, Andrea e tes unha sensibilidade especial, unha percepción aguzada como a miña.

Como a aceno que teño na cara é o de quen non entende nin papa do que lle están a dicir, o tío Antón non tarda en me dar unha explicación.

—Pedinlle ó avó que me permitise facerme cargo do mantemento dos reloxos da casa. Aceptou a miña proposta porque sabe perfectamente que el xa non pode ocuparse de tanto traballo. O primeiro que fixen foi cambiar a hora de todos os reloxos da casa —declara con satisfacción—. Agora mesmo non hai dous que dean a mesma hora.

—E pódese saber por que fixeches iso?

—Para enganar á morte e que o avó estea tranquilo —responde fachendoso—. Agora o tempo non sabe de que reloxo se ha fiar. O tempo e a morte sonche a mesma cousa. É o tempo o que nos mata e se o tempo anda enleado a morte tamén. Entendes?

Para min todo aquilo ofrece tan pouca claridade como un trabalinguas, pero agora, polo menos xa sei o que me estaba a desacougar: o latexo descompasado de todos os reloxos da casa. Todos traballando arreo, segundo a versión do meu tío, para enganares á morte.

Este verán meus pais mandáronme da acampada quince días. Eu non tiña moitas ganas, pero eles insistiron ata que me convenceron de que era o mellor para min.

Cando regresei o avó non estaba sentado na entrada. No seu lugar estaba o tío Ramón. Na man sostiña o vello horario de trens de 1957.

—Onde vai o avó? —pregunteille.

O tío Ramón gardou o horario no peto da camisa e dixo:

—Marchou de viaxe.

—En tren?

—Non sei.

—E como se apañou para chegares puntual se nesta casa non hai un reloxo que dea a hora correcta?

O tío Ramón ficou un intre calado. Os seus ollos semellaban ter un brillo especial, unha especie de resplandor húmido que lle daba á súa ollada unha tristura moi profunda.

—Hai certas viaxes ás que sempre chegas puntual.

—Sen necesidade de reloxo? —preguntei eu incrédula.

—Sen necesidade de reloxo.

O Cartel

Lorena Riveiro Rodríguez (Clío)

2º premio da 2ª categoría



Parque de Luftwaffe, Alemaña, 1935

Bruno atopábase sentado nun dos bambáns do parque ao que cada día se dirixía coa intención de pasar un agradable anaco de tempo mentres que os seus pais estaban, como de cotío, ocupados resolvendo os seus novos asuntos.

Bruno era un neno de dez anos, bastante delgado, sobre todo nestes últimos anos, e o seu cabelo tornaba cada vez máis nun negro intenso, case acibeche. Adoitaba ir só alí, onde pasaba o tempo entre bambáns e inventadas aventuras individuais, xa que case nunca tiña rapaces que quixeran gozar da súa agradable compañía naquel lugar.

Un día máis, Bruno sentou nun dos bambáns do parque, repudiado polas miradas daqueles nenos tan loiros que adoitaban ir cos seus pais. O rapaz mirábaos á súa vez con profundo odio. El alí non tiña nin pais nin amigos que o defendesen e os demais rapaces sabían desa carencia e metíanse con el, lanzándolle insultos que Bruno non comprendía, e mesmo dándolle golpes ou labazadas que el nunca provocaba.

Bruno odiaba terriblemente a aqueles nenos de brillante cabelo, pero tamén era o intelixente dabondo como para saber que estaba só diante deles e que non podía facer nada por gañar aquela batalla que xa estaba, moito máis do que Bruno pensaba, perdida.

Alí, sobre aquel bambán de madeira, Bruno decatouse de que os seus odiados inimigos deixaran, sorprendentemente, de

contemplalo e conspirar contra el para dirixirse cara á parede situada en fronte do tobogán. Alí, amoreados, os nenos rían, facían chistes e burlas e berraban ferozmente mirando compasadamente para algo que Bruno non alcanzaba a contemplar. Os rapaces non paraban de guindar palabras violentas, cheos de gozo e emoción, apreixados por un sentimento inigualable que deixaba entrever os comezos do seu destino.

Bruno, alarmado por tanto escándalo, quixo ser tamén espectador de tal acontecemento. Foi así como se ergueu do bambán e camiñou con paso decidido cara a aquela parede que tan importante lograra ser para o resto dos rapaces do parque. A Bruno non lle importou naquel momento a reacción que os rapaces terían ao velo alí xa que lle importaba máis descubrir todo aquilo que as consecuencias que a súa chegada puidera ter.

Tal e como Bruno esperaba, cando o seu corpo estivo o bastante preto do dos outros rapaces como para respiraren o mesmo aire, o espectáculo comezou. Foi un dos máis pequenos, sen dúbida moito máis novo ca el, o que iniciou a agresión guindando sobre Bruno o seu cuspe envelenado. Logo disto, todos se sumaron ao reto, e o rapaz rematou por quedar cuberto de labazadas e rodeado por un coro de aldraxes do que non era quen de se desfacer. Todos os rapaces sinalaban con profundo desdén aquela parede mentres berraban alporizadas promesas de vinganza que, na meirande parte dos casos, só eran réplicas das mesmas palabras pronunciadas polos seus familiares na casa. Así, mentres Bruno sufría a máis grande das humillacións, os pais dos rapaces miraban con orgullo aos seus fillos, alentando a agresión. Bruno non acadaba comprender a situación, e lembrou o motivo polo que acudira cara a aquela “morte” segura.

A parede. Entre tanto escándalo Bruno esquecera a orixe do seu valor ou, se cadra, o motivo da súa condena. Escapan-

do como puido das mans dos seus agresores, deu axiña uns cantos pasos para situarse así diante do móbil de todo aquel espectáculo: a parede. Agora xa podía comprendelo todo, mais Bruno aínda estaba máis confuso que antes. Mirou de novo cara á parede, mais por moito que miraba, non lograba ver nada. Se na parede non había nada, por que os rapaces a sinalaban tan acaloradamente, e porque reaccionaran con máis agresividade da normal se alí todo estaba coma sempre? Bruno botou unha última e minuciosa ollada antes de que os seus captores o volveran apresar. Mirou e mirou, mais de novo non logrou ver nada.

Parque de Luftwaffe, Alemaña, 1939

Bruno atopábase sentado unha vez máis nun daqueles bambáns que tantos recordos lle traían á memoria. Pasaran xa case cinco anos dende aquela, mais o tempo parecía non transcorrer por esas terras.

A súa memoria gardaba infinitos recordos daquel parque, aquela terra, aqueles muros... Cantas aventuras creara a súa imaxinación por ese lugar! E cantos momentos e experiencias!

Alí, sentado naquel bambán, a Bruno viñéronlle á memoria unha serie de sensacións das que as máis fortes eran as da súa constante soidade naquel parque e así mesmo a crueldade coa que o trataran sempre aqueles rapaces que, igual ca el, acudían ao parque cada día.

Foi entón cando Bruno comezou a percibir unhas voces sorprendentemente familiares. Polo horizonte lograba albis-car un grupo de mozos achegándose cada vez máis ao lugar. Traían berros de ira e vinganza, como se dun axuste de contas se tratase.

Berros, vinganza, ira... Bruno deu en lembrar. Trasládouse así unha vez máis ao pasado, a aquel bambán, os rapaces berrando, a parede, os insultos... Aquela néboa de mozos achegábase cada vez máis a Bruno, que seguía coa súa viaxe ao pasado. Como se dunha repetición se tratase, aqueles rapaces, agora convertidos en mozos, todos unidos baixo o símbolo e o uniforme nazi, atopábanse alí, unha vez máis, diante del para rematar o que comezaran aquel día.

Con aquelas mans, testemuñas de infinitas crueldades, os xa medrados rapaces apreixaron a Bruno, dirixíndose exactamente cara ao mesmo lugar de anos atrás. Todos berraban dun xeito unánime e compasado, pedindo xustiza e tomándoa pola man. Bruno miraba aterrado ao seu redor, cabalgando entre o presente e o pasado, tan próximos nese momento.

Os mozos uniformados colocaron a Bruno de cara á mesma parede de anos atrás, a mesma que fora testemuña da súa humillación e angustia e que, unha vez máis, viraría na única proba da súa dor.

Os mozos sacaron paus e comezaron a bater en Bruno con golpes brutais, non querían para el un final calquera. Aquel cascallo que manchaba a supremacía da súa raza debería pagar por todo o mal que lle fixera á nación alemá.

As torturas continuaron durante un anaco de tempo. Bruno non lograba percibir con claridade; ben podería tratarse duns minutos como de infinitos días, xa que o sufrimento para o condenado parecía non ter fin.

Foi así como no seu último momento de existencia Bruno puido mirar cara á parede que trece anos atrás desencadeara o comezo desta humillación. Foi nese momento e tan só nese

momento, como se do antigo rapaz de dez anos se tratara, cando Bruno comprendeu a situación.

Unha última ollada. Unha última conclusión. Alí, naquel vello parque, naquela antiga parede permanecía colgado o cartel que trece anos antes o condenado non lograra contemplar, un anuncio que Bruno, igual que moitos dos seus compañeiros, non lograran ou non quixeran ver. Daba igual o tempo, tanto tiña, porque todo transcorrera exactamente como se anunciaba naquel cartel, testemuña de tantas vidas perdidas e tantas humillacións.

Alí, naquela parede, residía a esencia de todo, alí, colgado sobre o muro, permanecía o cartel que xa pedía con calada violencia a desaparición do pobo xudeu.



Un verso do poema

Noelia Martínez Rey (Mare)

3º premio da 2ª categoría

Adeus. E na monotonía da súa faciana, silencio.

Coñecerámonos nunha tarde de vento morno e brillo de miradas, no verán de 1985, cando o coiro aínda deixaba ver o entreliñado da pel, que se mesturaba co verde dun ollar que marcaría o meu propio. O sol escintilaba; nós, descalzos.

O noso sinxelamente fora sensación... e bolboretas.

Cada murmurio que, entre as areas da praia beliscaba ao mar, era con nós o primeiro. Os días agochaban nos pequenos recunchos novos sentimentos e aquilo era tan grande... Deitados no cume do mundo non faciamos máis que imaxinar contos de ninguén que só eran nosos, con protagonistas de soños e finais deses, de conto. Toda escusa da casualidade valía para interromper lembranzas, entón, as verbas morrían nun suspiro lento e os beizos interpretaban calquera cousa inleixible entre ti e eu. A tarde caía e daquelas, aínda por veces, saía o sol.

E o voo era o máis libre de todos, fuxiamos dos límites dunha realidade de elásticos e grandes ombreiras, sinxelamente eramos cores. Cada amencer que xordía interesante lembraba un novo anhelo de aventurarme entre a súa pel e a súa alma; pouco a pouco, volveron sensacións tales coma a confianza e isto que deben chamar amor.

Mentres no meu interior medraba o froito de aquilo tanto que sentiamos, acariñábame con susurros de verbas doces; sen embargo, os seus pais agardaban para el moito máis que un fillo impuro concebido nun deses anoiteceres, nos que deixabamos

a lúa espida con beliscos de seducción. Unha gran carreira e un gran futuro, o demais quedaría en nada.

Un intre, só bastou un intre para que nalgún recuncho da memoria quedase grabado o nenos que eramos. Agardábame alí, coa vida reducida a unha despedida; os contos perdéronse no arco da vella e a alma foi un espello esnaquizado dentro de todo o que un bico significa, só quedaba a monotonía na súa faciana e as bágoas de dous corazóns. Aquel home, ao tempo que me arrincaba esperanza, amor e rabia, agasalloume co medallón que a súa avoa desde o delirio lle fixera herdar (sempre me contara como, desde pequeno, ía con ela os venres ver o que non sabía se era mar ou bágoas), tiña a Virxe do Carme e unha inscrición que dicía: *"Gardareiche o mar nunha gaiola"*. Era verso dun poema que el lle escribira a ela. Mais nós xa facia moito que perderamos o mar...



Desde pequenos íamos xuntos ás festas da aldea coa orquestra e todos aqueles primeiros fogos artificiais que nos deixaban abraiados e atónitos ante tal paleta de cores; o rebumbio asubiaba en cada oído e as luces quedaban brillando nos ollos...

Os nosos pais mandáranos casar e nós, coitados adolescentes que por sentir de máis faltábannos as ausencias, comezamos a amar moito despois da parafernalia do acontecemento. Pouco a pouco, paseniño, as nosas vidas fixeran unha lazada forte que nos impediría caer; os nosos abismos xa non o eran e deixaran de selo con esa facilidade inocente dos dous.

Á noitiña, cunha brisa que ulía a namoro, tanto sentimento foi só versos e a felicidade embriagou a alma a bicos, que non sendo efémeros tornaban os sentidos en inqueda de máis. A pel non era outra cousa que a partitura.

*Mentres o palpitar latente
dun corazón baste,
os dous,
suspiro susurrado
de servos e amantes,
déixanme aquí
ti, eu...
e o mar nunha gaiola gardado.*

Mariñeiro de mares que por ser, só eran afastados de min. Cada martes a tristura empañaba as fiestras, e naqueles cristais chovía eternamente; o venres íao agardar, coa vista fixa nalgún punto esquecido da inmensidade onde nin estaba el nin estaba eu.

As peregrinaxes de augas salgadas comezaran sendo nós aínda aqueles namorados que imaxinaban en branco e negro. Regalárame un medallón coa patroa dos mariñeiros para que, se algún día non regresaba, eu lembráralo sempre. Era de ouro e pola parte traseira tiña unha fermosa inscrición que unha noite debuxamos no meu corpo.

Entón, foi cando aquel mesmo mar levouno e con el, calquera forma de existencia que tomaba por veces o meu espírito. Quédame nada sen ti. E veño aquí cada venres, pois quizais queiran levarme ao punto esquecido onde antes non estaba nin el nin eu.

----- & -----

Os avatares da vida fixeran do meu destino algo que non semellaba nin vida nin nada. A ausencia de calquera forma de axuda fixera que, co tempo, vivise nunha burbulla húmida e fráxil que fora devorando o eco dos escrúpulos.

Ninguén entende o que é soidade; a desgraza impedíame ver o sol, aínda que saise igual. Un día era coma o anterior e, por veces, as bágoas facíanme ata sentir frío. Sensacións indescriptibles, ó fin. Escoitaba paxaros que a miña mente tornaba en cantos de desesperación, calquera verba volvíase angustia e eu, con desexos de nostalxia. Nas noites, o sono ía e volvía froito do azar do momento; entón, fitaba mirando o sestrelo no ceo e, incapaz de pronunciar palabra, anicábame na parte agri doce do leito.

Logo naceu ela. Deixei de mirar estrelas e só puiden mirala. Ver as súas manciñas enredadas nun dos meus dedos era sinxelamente a primeira victoria da miña loita derradeira. Caladiña, observábame coma un ser estraño que lle quitara a calor; foi nun intre, cando un sorriso tan pequeno coma ela debuxouse na súa face e a miña, espello do momento, correspondeulle. Souben que estabamos na mesma burbulla.

O tempo fuxía traidor; ela medraba e eu, con ela. O mundo que me mancara convertírase nunha forza sobrenatural que confundía ao sufrimento, semellando, ás veces, desequilibrar os meus esquemas de tristura.

Cando tivo anos suficientes dinllo, aínda que tiven que mercar unha nova cadea xa que o paso do tempo oxida alma e materia. Que fermoso lle sentaba o resplandor áureo daquela xoia cargada de sentimento!.

Sería a adolescencia, os impulsos ou as malas compañías... pero cada vez a miña filla estaba máis lonxe dos cimentos do fogar que construíramos. Deixei de coñecela. Creara unha nova burbulla e a min fixérame voar.

- Non saias!
- Déixame!
- Non! Non vas saír!
- Ódiote!



Fun maior desde pequena.

A miña nai e mais eu sempre fóramos as mellores amigas; non existía segredo algún para unha muller que loitara con treboadas por outra que non o merecía nin nos días soleados. Medraramos man a man. Os soños convertíanse nos da outra cun chiscar de dedos e un sorriso dos que traspasan a alma.

O meu mundo foi cambiando, mais o dela permanecía intacto. Sen embargo, o avance recae no cambio. Todo o meu redor tornábase increíble e tan novidoso como ver cores por primeira vez; só era unha pequena muller con ansias de máis. Ela continuaba así, sendo ela.

Entrei noutras existencias e xunto con elas, outras vellas historias. Sabía o que estaba a pasar e cada vez víaa menos.

Non sei cando crucei a fronteira, semellaba máis afastada cando a vía de lonxe. Quizais daquelas cometin o meu peor erro. Eran fantasías diferentes, soños de ninguén e aquilo non se parecía en nada ao dos contos enriba do mundo que me contaba miña nai. Comecei a necesitar máis. Todo se resumía nun estúpido xogo de rol que me mancaba. Precisaba cartos, ánimo e unha xarra de auga fría.

As inquiredanzas voltaron e de novo, volvíase todo insoportable. Xa non había estrelas.; ou eu convertínme nun ser incapaz de velas.

Necesitaba diñeiro para un bo chute que apagase calquera síntoma só e triste. Vendín o único de valor que me quedaba que despois resultou non valer tanto.

Deus! Acababa de trocar en cartos algo máis ala dun pedazo de ouro, o que mantiña a unión, a maior de todas, coa única persoa importante, a que me dera a vida. Agora eu, inconsciente nena malcriada, estaba a quitarma.

Volverei. Quixen poder recuperalo pero xa era tarde. Loitei coa forza, o sentimento e as bágoas nas mans... e tiño de novo, mais o golpe fora certo, directamente entre o recordo e a lembranza.



Non son nin as seis da mañá e xa me chamaron do xulgado. Vístome, aínda que ninguén estará agardando.

Hoxe, tiña que levar aos pequenos a ver aquel espectáculo. Outro día terá que ser; eu, xa debo asistir a un.

Outro ionqui de mañá! É deplorable o malgasto e a desbaldida coa que burlan outras existencias...

O levantamento do cadáver era nunha ruela afastada de canta civilización existise; alí, entre caixas de calquera vertedoiro e ratas acostumadas a ser os grandes invitados, xacía unha rapaza duns dezaseis anos; sobre o corpo, mal vestido e sen vida desde facía xa moito tempo, repousaba un medallón coa Virxe do Carme e unha inscrición, verso dun poema que el lle escribira a ela, e que desta só fixo chorar o corazón dun neno que, coa súa avoa, vira o mar cada venres ... silencio, xa non había monotonía na súa faciana, só bágoas.



Primeira noite

Conchi Lago Ces (Peso neto)

1º premio da 3ª categoria

Soño coa primeira cereixa do verán.

Manuel Rivas

I

Xa me vexo na lareira, cun vaso de viño da horta, contándolle a Mariña o que foi e o que non foi. Habemos de rir e habemos de chorar un pouco, supoño. Habemos chorar un pouco.

Hei coller o coche e levala a Coira, que agora é verán alá. Moito hai que non imos á praia os dous.

Moito hai que non imos a ningures.

Adoezo por ver a horta. Ha de estar toda florida, mesta de xirasois e coas viñas cargadas. Non sei como sería a colleita. O ano pasado encheran o hórreo, que non cabía todo no faiado.

Así como chegue temos todo o mes para disfrutar, que despois xa chega o traballo das viñas. Hai que lavar os pipotes, quitarlles a flor e poñelos a secar. Hai que colleitar as piñocas, que han de estar mestar coma area.

Coma esta maldita area.

Que cousa bonita, facer a colleita.

E logo a pisalo, quitar o zume todo, encher as pipas. Coidar de como vai. Xuntar o bagazo e preparar o alambique. E recoller cada pinga de caña, unha a unha, coma un milagre.

A sangue fervente da terra, coma un milagre.

Adoezo. Adoezo por tal maravilla.

II

Limpou o coitelo co que matara a foca, o único que levara do naufraxio.

Matara a foca, abríralle o ventre e metera dentro os pés descalzos, porque no sur da Patagonia o frío era mortal en agosto.

Aló o frío era mortal todo o ano; moito máis en agosto.

Así que limpou o coitelo na area e gardouno na funda. Sacou os pés, puxo os calcetíns o máis rápido que puido e calzou as botas con dedos torpes. Logo meteu as mans no ventre do animal. O contacto co sangue produciulle unha dor lacerante nos dedos, como artrose, pero era mellor que non sentir nada por conxelación.

Polo menos non había morrer de fame, e de sede tampouco, aínda que non lle gustaba beberlles o sangue. Era coma beberlles a alma.

III

Agora estaba pensando en subir á Curota, con Mariña, e tamén en ver o Sil, que non o vira aínda. E ó mellor en ter o neno, que estiveranagardando ata xuntar un peso.

Agora estaba pensando nas Furnas, estaba pensando nos Castros, estaba pensando que adoecía pola aperta. Pola aperta de Mariña.

Pola aperta do fillo cando nacera.

Agora estaba pensando que ía vivir para velo, que ía aturar o que fora e vivir para velo.

Todo o malo era que vhegaba a noite, e os do Salvamento non viñan.

Ergueu a cabeza e viu a primeira estrela no ceo da Patagonia.

Na terrible noite do sur da Patagonia.

O derradeiro voo de P.P.

Xosé Anxo Corral Suárez (Robinia)

2º premio da 3ª categoría



(I)

“E no fracaso de hoxe un eterno mañá porá: tamén”

(M. Antonio)

O abismo da vellez abríuseme baixo os pés o día que a miña boca ceibou por vez primeira un enorme bocexo de aburrimiento, ou o que é o mesmo, volvinme vello ao me decatares de que xa nin coa axuda dos dedos sabía contar os anos que levaba encorado nesta existencia pálida e incompleta de neno condenado a non medrar, de ser vivo que segue no mundo máis por deber que por dereito.

Nunca antes me laiara da rutina. Por que ía facelo se mesmo considerábaa un sucedáneo aceptable da eternidade? Mais agora só sinto un desprendemento lento por todas as cousas, un interese morno polo que antes foi excitación e entusiasmo, e iso é , penso eu, o que me fai envellecer.

Todas as mañás érgome do leito e paso as horas apalermado diante dun espello, a cartografar o meu rostro, a facer a contabilidade miúda das engurras que o tempo vai debuxando na miña cara, das canas que, coa voracidade das malas herbas, prosperan nas tempas.

Atópome estraño á miña propia mirada e dou en pensar que quizais sería mellor morrer que se repetir idéntico e inútil cada mañá neste espello, porque do que non teño dúbida é de que o espello é sincero, que non minte, e cúspeme á cara que os anos pasaron de largo, descalzos, nas puntas dos pés, para que non me apercibise da súa fuxida.

Si, morrer, acabar con esta farsa de vez, porque nada me complace, nada me pertence, agás o que perdín... e a intuición desta verdade fai que un nome comece a doerme nos beizos.

(II)

“O xeo da indiferencia conserva ben o orgullo”.

(W. Gombrowitz)

Ata hai pouco vivía satisfeito coa porción de vida que me tocara, resignado a me conformar co que o día traía. Mais agora as cousas cambiaron. As espiñentas aventuras eróticas coas sereas perderon para min toda a súa anterior fascinación. De cando en vez achégome á lagoa para velas tomar o sol sobre as rochas ou para oílas cantar mentres se peitean preguizosas as unhas ás outras. Eu miro para elas cunha ollada valeira de concupiscencia, como quen ergue os ollos cara ao ceo só para ver o paso das nubes, e marchó axiña se achegan para me ofertares os seus corpos de mulleres incompletas.

—E logo, seica xa non che apetece xogar connosco, Peter?—falan con desvergonza e mófanse de min, algunha destas lerchas mesmo ousa batuxar na superficie da lagoa para me mollar as roupas. —Non será que gustas máis da compañía dos nenos perdidos, Peter?

Vírolles as costas e marchó sen responder ás súas provocacións. Xa nin para iso teño azos. Busco onde me acubillar das súas brincadeiras, das súas crueis insinuacións, das súas gargalladas groseiras. Sento a sombra dun freixo e tiro a frauta do peto coa confianza de que a música esvaeza a néboa de tristura que levo agarrada ao corazón. Do meu instrumento agroman uns sons tristes e nostálxicos que se volven case dolorosos cando se mesturan co asubío tenue do vento. Non levo nin dez minutos tocando a frauta cando aparece o vello James Hook coa caixa de madeira de buxo onde garda as pezas do xadrez.

—Bos días, rapaz —ergue o garfo para me saudar—. Bonita música, aínda que un chisco sombriza para o meu gusto. Non sabes tocar algo máis rexoubeiro?

Achégase arrastrando os pés, cambaleando como un navío pouco mariñeiro no medio dunha tormenta, o lombo cada vez máis eslombado, as rótulas a renxer con chiadas de madeira seca. Só cando senta fronte a min deixa de arquexar.

—Levo almacenado nos ósos todas as néboas da miña vida —laiase e coa mesma abre a caixa e dispón as pezas sobre o taboleiro—. Perdoa, meu *caro* amigo, un cabaleiro xamais fala das súas enfermidades. Non é elegante.

Dito isto acende un cigarro e fica un a ollar o fume se lle enredar nos dedos. O mal de Parkinson imposibilitouno para outro duelo comigo que non sexa o do xadrez.

—Está escrito nas estrelas que o noso destino é loitar entre nós ata o derradeiro alento. Cómo o fagamos tanto che me dá, así que escolle: brancas ou negras?

Malia que a idade debilitoulle a vista, négase a usar lentes, e por mor deste orgullo a súa única man atoutiña as fichas antes de as mover. Mentres xogamos, o vello Hook no perde ocasión para me relatar as súas aventuras, lances cativos postos polas nubes, desfalecementos que celebra como victorias. Os vellos perden antes a memoria das fazañas que a imaxinación para as inventar. Recoñezo que ás veces a súa leria desconcéntrame, e entón fico coa raíña ou coa torre na man sen saber que carallo facer con ela. Así e todo, procuro que el non se decate do amoladora e soporífera que me resulta a súa barallada xa que facerse escoitar é agora o único vicio que lle queda.

—Xaque, capitán!

Hook olla para a interrogación que substitúe á súa man dereita como se estivese a considerar a oportunidade de me chantar o garfo no cranio. O capitán afunde a cabeza entre os ombreiros e recolle as pezas en silencio, abatido, coa alma desganada dun can que afasta o fociño dun comedeiro cheo. Cando as pezas xa están gardadas no caixa de madeira leva a man ao sombreiro e ensaia unha reverencia que lle fai renxer ata o último óso do corpo.

—Au revoir.

Fico só outra vez. Unha nube solitaria cruza o ceo cara ao Sur. Son consciente de que dende hai un tempo teño a mente traspasada por unha teima e mentres deixo os ollos prendidos da nube que se afasta, decátome de que só hai unha cousa que podó facer. Tomo a resolución de ir buscala, e tanto me dá se o anos lle quitaron algo da beleza que eu lle coñecín. Xa nos apañaremos, porque eu gardei no meu corazón e na miña memoria tanta fermosura de ela, tan intensa e cálida, que teño dabondo para os dous polo menos para mil anos máis, o tempo de rematar para sempre.

(III)

“Os coxos dançam sozinhos” (J. Prata)

Chego a Londres voando. Hai xa ben tempo que non visitaba a cidade e atópoa cambiada. Moito máis rebumbio nas rúas e un aire sucio que me provoca un comechume por todo o corpo. Sempre tiven ganas de viaxar en metro, mais como estou seguro de que a miña indumentaria ía resultar un chisco rechamante incluso nunha cidade tan mundana como esta, finalmente opto por continuar voando, o máis lonxe posible das olladas dos londinienses.

Wendy Moira Angela Darling, viúva de Andrew Newell, directivo do City Bank, vive soa nun apartamento a carón de

Holland Park. Sento nun banco diante da súa casa e considero as opcións que se me ofrecen para me achegar a ela.

Xa non teño eu o descaro dos meus tempos mozos para entrar sen permiso por unha fiestra da casa e tampouco acaba de me convencer a idea de chamar á porta e presentarme como un vulgar vendedor de enciclopedias para lle espetar: «Ola, Wendy, son eu», para despois ter que afrontar na súa ollada perplexa que non é certo iso de que permanecemos nos demais tal e como eramos cando os deixamos.

Entón, mentres estou a rillar os miolos, a porta do edificio onde vive Wendy ábrese para deixar paso a unha muller que, a pesar de todos os anos que levo sen a ver, non tardo nin un segundo en identificar. É ela, só pode ser ela. O corazón pega un chimplo no peito e empeza a latexar cunha présa furiosa.

A muller bota a andar pola beirarrúa. Camiña ergueita, coa dignidade dunha raíña. Vista pola popa adivíñanselle feitura de violín polo chea e sinuosa da súa figura. Pero eu non podo seguila con esta fasquía de zalapastrán. Unha vez máis a sorte ponse do lado dos afoutados. Un mendigo durme a bebedeira nun banco situado a poucos metros do que eu ocupaba. O tipo cubre o corpo cunha gabardina. Achégome solerminamente e róubolle a prenda sen que se decate. Bótoa por enriba dos ombros indiferente ó cheiro amoniacal que desprende.

Sigo os pasos de Wendy por unhas rúas nas que van medrando as sombras. Camiñamos ata chegares a unha porta sobre a cal hai un grande rótulo no que se le: *Last Chance. Dancing Club*. O fulgor fatuo dos neons reflíctese na carrozarías dos coches aparcados diante. O porteiro non me pon problema ningún para que entre, o que fai sospeitar que a clientela do club non debe de ser da que fai moito alarde no vestir.

O *Last Chance* é un local grande, cunha pista de baile no medio, pequenas mesas arredor e unha barra nun recuncho. Sobre unha tarima forrada de veludo toca unha orquestra de seis músicos. Os clientes son na súa maior parte parellas maduras que máis que bailar arrastran os pés ao mesmo tempo que fan o que poden por manter intacta a dignidade.

Wendy achégase á barra e pide un vodka xeado que despacha dun grollo. Acende un cigarro e as súas faccións quedan un intre veladas pola arañeira de fume. Miro para ela e quéimame as mans o desexo de aloumiñala. Wendy fai un aceno ao camareiro para que lle renove a provisión de vodka. Avanzo entre as parellas de bailaríns ata chegar onde a ela. Nese intre a orquestra comeza a tocar *I've got you under my skin*. Cólloa polo pulso e lévoa ao medio da pista. Wendy encara a miña estampa, primeiro con repugnancia, logo con abraio. Algo turbio axítase nas súas pupilas. Xa non é a nena que un día voou comigo ata o País de Nunca Xamais. O alento chéiralle a tabaco e alcol, leva o cabelo mal tinguido e arredor dos ollos médranlle unhas engurras miúdas que delatan un fracaso, do mesmo xeito que os aneis das árbores revelan a súa idade e os vultos leñosos do tronco cada mutilación. Aínda así, segue sendo ela, a nena que un día ameí.

—Peter, es ti —concede con incredulidade mentres se deixa levar pola miña torpeza de bailarín—. Que fas aquí? Por que viñeches?

—Vin por ti.

—O noso amor é imposible.

—Mellor —declaro eu sen deixar de pisarlle os pés—, a estas alturas da nosa vida o imposible é o único que non nos pode decepcionar.



Número oculto

Moisés Álvarez Jorge (Buxo)

3º premio da 3ª categoría

O timbre do móbil volve soar no medio da escuridade, igual que o fixo a noite pasada e a outra. Ese bucle agudo, nervioso que me fai saltar da cama. Non me desperta porque non durmo, porque agora xa paso as horas na cama esperando que soe porque sei que vai soar. De novo a chamada dun número oculto e a certeza de que es ti quen chama. Quedo parado uns segundos vendo a iluminación intermitente da pantalla e as palabras número oculto, como un sinónimo inequívoco de Lucía. E a pesar da miña ansiedade por falar contigo, deixo que vibre un tempo na miña man antes de premer o botón verde, consciente de que non te vou escoitar. Esquecín todo o que che ía dicir, as palabras que quedaron atrás e que estes días recuperei, as que hoxe rumiei desde que me deitei e pechei o libro sobre o que pousaba os ollos sen ler, centrado nesas palabras que agora non lembro. Premo o botón e achego o teléfono á orella. Digo diga, non sei por que non digo Lucía ou es ti? ou canto tempo. Digo diga outra vez e non contestas, pasan os segundos e entón si que te chamo polo nome e reclamo a túa atención. Lucía, escoita. Pero do outro lado só hai un silencio absoluto. Non un silencio nocturno como o que me rodea, no que asoman os rumores dun televisor, coches que circulan lonxe, algún que outro moble que renxe. Do outro lado do aparello o silencio é branco, como un pozo no que afogan os sons. Repito Lucía unha vez máis, e collo folgos para comezar un monólogo no que che explique todas esas cousas que quedaron sen dicir. Podería ser a descrición do universo ou unha palabra de despedida, pero de novo non consigo dicir nada antes de que me colgues. Diría que me quedo coa palabra na boca, pero a palabra está moito máis lonxe, vaise retraendo

medoñenta no fondo do cerebro. E así escoito o tutututú que anuncia que unha noite máis perdín de falar contigo.

O móbil di que pasan das catro da mañá. Teño un plan, e como fago sempre doulle voltas e máis voltas ata que o desgasto e o desboto. A mellor forma de non facer algo é trazar plans e meditalos ata que desapareza. Teño un plan que xa tiña desde que hai dúas noites recibín a túa primeira chamada, e por máis que o maree parece que non se esfarela. Teño o convencemento de que é o que debo facer, e sei que iso é perigoso, porque a experiencia invítame a desconfiar das miñas convencións. O plan é subirme ao coche, conducir durante oitenta ou noventa quilómetros e chegar aí. Seguro que te sorprendo. Aínda que a túa chamada pareza un reclamo, nunca esperarías que me comportase así. Parecería un arrebatado, con ese aspecto de acción irreflexiva e sen embargo tanto tempo mastigada. Que podo facer? Como negar a evidencia de que é a miña única opción, chantarme aí aínda sabendo que o máis probable é que ti xa non esteas, que me chames desde calquera outro lugar e a viaxe sexa en balde? E sen embargo, o plan é consistente, porque a alternativa son as noites en vela, os días borrachos de dúbidas e a destrución. Poño o primeiro que atopo, que neste caso é a roupa que antes de me deitar deixei coidadosamente dobrada sobre o aparador. Non é roupa para traballar nin para acudir a unha festa, é a roupa coa que alguén faría unha viaxe imprevisita no medio da noite.

Os semáforos chiscando, a iluminación alaranxada, o camión do lixo e o meu coche. Os edificios convértense en nós de estrada, estes en fábricas, as fábricas en urbanizacións e leiras e logo en masas escuras nas que se adiviña o trazo indefinido dos eucaliptos. Non me cruzo con ninguén, pero só uso as luces cortas. Redúzo todo a un pequeno semicírculo diante do coche. Podería topar cun gato ou cun raposo, arrolalo e retrasar

a miña chegada furtiva. Podería incluso saírme nunha curva e non chegar nunca. E aí sigo, conducindo a través desta estrada de debuxo sinuoso chea de fochancas. Calculo que chegarei sobre as cinco e media, en calquera caso antes de que saia o día. Canto máis me achego, máis claro vexo que non te vou atopar aí. O móbil lévoa pousado enriba do asento de acompañante. Cada pouco tempo cólloa na man, e sen quitarlle ollo á estrada comprobo que segue encendido, que non me volveches chamar, cousas as dúas obvias. Quizais espere que cun estremecemento repentino o aparello me indique que estás cerca. Pero o único que tremen son as rodas sobre o asfalto cuarteado e nunha curva, agora si, o coche ábrese máis da conta, trato de rectificar pero perdo o control da situación e en cuestión dun segundo noto que me adentro entre os fentos e que a carrocería golpea contra o tronco dun piñeiro que deixa o seu perfil marcado na porta do condutor. O condutor son eu, que me deixo levar, coas mans agarrotadas sobre o volante e a cabeza avaneando. Cos ollos pechados noto a vertixe dunha sacudida descontrolada. Paramos en seco, o coche e mais eu. O motor apagouse. Sentado no asento, tomo aire. Sen moverme nin tocarme examínome e conclúo que estou perfectamente, aínda a sabendas de que dentro dunhas horas me doerán as cervicais como lle doen a todo o que ten un accidente similar. Pero agora estou ben, e non me preocupa a miña saúde futura, nin sequera como volver á cidade. Saio do coche pola porta do acompañante e comprobo no móbil que xa son as seis menos vinte e que o barullo da colisión non ocultou ningunha chamada.

A palidez coa que arranca o día descúbreme moi preto do meu destino. Non hai sol, só unha luz gris que se abre paso e me acompaña cara a ti. Xa estou cerca, recoñezo os ouvidos dos cans. Tamén a textura dos muros me resulta familiar, e as siluetas de pedra que se recortan contra o ceo. Empurro a verxa e camiño cara ao final da senda. Ao fondo á esquerda deberías

estar ti, pero sei que non é así. Estou convencido de que non me esperas. Dou os últimos pasos e confirmo o evidente. Só atopo as flores inmachitables e unha pedra co teu nome, Lucía. Lucía, como sinónimo de número oculto, de ausencia indescifrable, de frase inacabada, de viaxe desesperada no medio da noite para non atopar nada.

Entón volvo recordar o discurso, todo aquilo que che debía e non tiveron tempo a dicir.



Poesía

O Castelo encantado

Nuria Rodríguez Rivas (Lily)

1º premio da 1ª categoría



O Castelo encantado
está enfeitizado.
o dono que vive nel
chámase Manuel.

A súa filla Nuria
é unha furia.
E o seu fillo Damian
ten un can.

No xardín está Fermín
e na cociña, está Pepiña
neste Castelo de tolos,
tamén vive Bartolo.

Cando chega a hora
xogan á mariola.
Toda a familia
bota unha partida.

E o dar as catro,
fan un garabato.

Despois a cear
que hai que se deitar.

The background of the cover is a detailed, high-contrast black and white illustration of a woven basket. The basket's texture is rendered with intricate, overlapping lines that create a sense of depth and movement. A pencil is positioned diagonally across the basket, with its tip pointing towards the bottom right corner. The pencil is also rendered in a high-contrast, almost etched style, matching the basket's texture.

Reflexión

Gabriela Legaspi Fernández (Curuxa)

2º premio da 1ª categoría

Non me abandones,
non me esquezas,
non fagas o que a ti
non che gusta que che fagan.
Non, non o fagas.
Séntete orgulloso de ti mesmo
bota ao aire todas as túas preocupacións
guíate polo teu instinto
entra no lugar que sempre soñaches
abre a porta e bota a correr.
Non mires cara a atrás.
Segue a correr.
Para fronte a un lago de augas cristalinas.
Bebe del.
Tírate á auga e empeza a nadar,
pecha os ollos e buzea.
Sénteste libre? A que si?
Nada á superficie. Que escoitas?
Nada imposible. Volve a escoitar.
Agora si?
Pois dimo ao oído.
Que é?
Non me abandones,
non me esquezas.
Non fagas o que a ti
non che gusta que che fagan.
Non,
non o fagas.

Ah, poesía

Minia Monteagudo Vilavedra (Mosca pontevedresa)

3º premio da 1ª categoría



Que alegría,
Poesía.

Que tristeza,
Hai que facer a limpeza.

Que emoción,
vou coñecer a Concepción.

Que impresión,
Case me atropela un camión.

Que rollazo,
Mándanme poñer un lazo.

Que desfeita,
Este ano, non houbo colleita.

Que interesante,
O que fan estes estudantes.

Que ben feito,
Sen pingueiras este teito.

Que significativo
O que dixo este cativo.

Que gozo,
Como me gusta este mozo.

E ao final do día...
que alegría,
poesía!

Memorial de Malditos

Rosa Catarina Piñeiro Fariña (Rosacati)

1º premio da 2ª categoría



1.- O dono dela

Ela, esta vez aganada, aínda quente
espera ao xuíz de garda
coma un xoguete morno de final anunciado.
E as cifras aumentaron nun portal cativo
dun edificio humilde dunha rúa apenas transitada,
dun barrio onde ir ao propio é o que toca.
El suicidouse mal, era o probable:
Caeu a lámpada da que nin quixo pendurarse.
Declara: Batín nela porque son o dono
e ameaceina moito porque sempre a quixen.
Volvería a facelo, volvería.
E as cámaras axexando polo sangue
toparán testemuñas de que nada anunciaba
esa verdade simple, final e decidida
coma ese pasamento da que agarda
desde a noite, a nada e o silencio.

2.- Crime en quinta

Vinte anos de media e noventa cabalos.
O coche, na rodaxe; a ledicia, segura;
o *colocón*, a gracia, bacile e desafío.
El só quixo fardar e deslumbrala a ela.
Sentirse vivo á présa, ser máis se non freaba.
Con ansia e confusión, alcol de garrafón e adrenalina,
risa segura cunha ruleta rusa sobre rodas.
O sangue é o final, e as bágoas máis certas onde nunca
poderá acougar o esquecemento.
Só el, que conducía, está ingresado,
con lesións indecentes pero vivo,
e vivo ha ser maldito mentres pule
a memoria que di que ía en quinta
nesa curva do crime en movemento.

3.- Miss Eutanasia.

Non estudou catro anos para limpar nos vellos.
Non lle pagan dabondo para agardar que morran.
Non lle resiste o corpo cando sinte que fedén.
Non lle aguantan os nervios se lle amolan a vida.
Ninguén dirá de día que non cumpre o convenio.
Nin quen de noite opine que tiña mala pinta.
Mais hai anxos da morte que sorrín cando enchen
unha xiringa fina se pecha a madrugada.
E hai noites alongadas cando lle cadra garda
nas que pasar da dose non está tan mal visto.
A ela non lle pagan para dar agarimos,
e no medio da noite pode ser o destino
cando unha sedación enfría cando pasa,
cando redime e cumpre a súa quenda máis propia
no miolo da noite onde ser Deus non pesa.

Que longa

Lucía Paniagua González (Vila)

2º premio da 2ª categoría



Que longa, que longa pode chegar a ser a estrada
cando non ves máis alá do monovolume vermello que vai diante.
Que lento, que lentas pasan as horas cando estás só,
sen ninguén ao teu redor, sen nada que faga real a túa existencia;
cando o mundo se detén.

Miles de luces volven xirar ao meu redor
será o poder do alcohol
ou simplemente volvinme tolo?

Qué irónico, antes no teu lugar estaba eu
mirando para ti, con eses mesmos ollos.

Pero os tempos cambian, miña vida,
os tempos cambian.

O mundo é unha roda que xira e xira e,
cando menos o esperas , atropélate
e non hai nada que poidas facer,
salvo rezar para que ese día non sexa mañá, nin pasado, nin pasado...

Pero, ao final, acabarache tocando,
debes asumir o destino; eu xa o teño asumido.

Agora só me queda vivir, só vivir,
intentar seguir respirando neste acuario con pedras de cores...

Que eterna, que eterna se fai a noite
cando a lúa abandona ás estrelas.

Que negra, que negra volveuse a lúa
creo que se morre, estámola a perder
o mundo aínda non comprendeu onde está o verdadeiro inferno.

Cando o sol se apague, a lúa non brillará máis
pero, persoas egoístas,
non podedes deixar de pensar só no material?
Os asasinados da lúa teñen a cara pintada de branco;
agora o demo non é nin negro nin vermello,
agora é branco, coma vos, os inocentes.
E mentres o demo con cara de anxo destrúe a Terra,
seca os ríos, contamina os mares, enferma aos vossos fillos
e os chupa o sangue; vos buscades culpables.
É que non vedes que os tedes diante?
O fume das súas goridas delátavos.
A cada lado da estrada podo ver o fume que asfixia ás estrelas
e que encanece á Terra.
É un fume negro, gris...pero non transparente;
podédesme explicar por qué vos non o vedes?
Estamos destruindo algo que custou miles de anos de progreso,
miles de vidas humanas.
Miles de soños e outras tantas lágrimas
que agora cólanse polos sumidoiros, xa atascados,
da miña cidade.



Amores do mar

Lucía Campos Rilo (Rosalía)

3º premio da 2ª categoría

No peito agardando
poesía
corazón namorado
un futuro de ouro
un futuro dourado

Soños de mel
que tentas lanzar
pra que viaxen a terra
bótaos ao mar

Afogaran as túas dores
no profundo do mar?
Chegarán as túas cores
ata a beira do Sar?

Ti queres mandar
a mensaxe prohibida
aquela que agarda
sen ser esquecida

E tentas con tento
facela chegar
e sobe subindo
pra logo baixar

Pobre mariñeiro
que soña onda o Sar
cun amor na terra
e lonxe do mar

Achégate aquí, meu mariñeiro
sobe ata a beira do Sar
quero pra min os teus soños
quero contigo casar

Agora

Alberte Momán Noval (V de Vian)

1º premio da 3ª categoría



levo comigo
o determinismo dun *souvenir*
de leite materno

un país adolescente
agardando pola miña madurez

e unha morea de anécdotas sobre tempos vividos
fóra das fronteiras da historia

son da terra
na que caen as miñas páxinas
pois mostro oufano o seu estigma

posúo como única arma
a memoria insuficiente

a confianza nos azos
do ar que me alimenta

e a firmeza da miña vontade
liberada

sostegno nas mans
a existencia de ambos
terra

potencialmente un
acompañasme na singradura

son as túas confidencias
a miña esperanza
que semento coas mans
para que volvan á terra

os gromos saberán
berrar ao vento
a nosa forza redentora

falo cos pasos
terra
sostendo de ambos

se así o queres
saberei volverme fronte a todo

confeso sentirme lonxe
desta cidade de anos
que esqueceu mirar por min

no cansazo saberei eu
mirar por ambos
pois construíñ o meu destino
coa madeira deste apeiro
das ferramentas
que ouvearon na forza do tempo
e das horas

lonxe desta urbe
que medrou co seu avance

levo este rural húmido
sobre o asfalto
que lle virou as costas
sorrindo

volvo sobre min
e digo
agora



Combustión de la meiriña

Alba Cid Fernández (Dedaleira)

2º premio da 3ª categoría

-Coñecémonos

eiquí,

no aséptico amarelo-topacio da balanza.

Pronunciáchesme

(incandescente habitante do único palacio de naipes),

só por que confluíran ríos nas olladas:

e a hedra transparente

do malvís (*secessionista*)

houbo de enraizar neste cuarto.

Grazas ao encontro,

a que pulsaba (en *pizzicato*)

o celme da linguaxe,

porta por porta

procurando

as delicias do pronome,

puido esquecer a angustia do mercurio sobre as escamas

o dobre filo das cantigas a orfandade o exilio

a imminencia antitética de incensarios inzada.

E ti, que filibusteiro traficabas

coas máis valiosas feitura da febre,

dixéchesme do abecedario morno das crisálidas,

ditáchesme a flexibilidade dos salgueiros brancos,

dinamitaches, feroz, os badalos da ausencia.

Das nosas palmas, insomnes paxaros partiron.

Voando cara o horizonte, no eclipse,
estenden amplas ás de vimbio e sol
chora-luas brasileiros.

Radical prestidixitadora nena
afirmo aínda
 (na oblicua inxenitude do segundo)
 procurarTE
como o orballo procura unha meixela
 na que *evaporarse*.

-Coñecémonos
 eiquí,
na verbena ámbar do nunca imaxinado.

(Resucitas en min, ao tempo que a voz náufraga de Fréhel
entoa, nos adentros, *Si tu n'étais pas là*. E as arterias do meu
cabelo, están agora habitadas por esa túa dinastía de chaves
imantadas.)

Dos nosos embigos, tenrísimas criaturas beberon.
 Combustión de la meiriña visitando versos.



O tabernícola

Heriberto José Villar Patiño (Ken For)

3º premio da 3ª categoria

a cidade

Se algo me reventa dos semáforos
son os paquetes eses de kleenex
que veñen da man dun home
que pide corenta pesos
e cando subes a ventaniña
di non sei o que
sobre a nai que che pariu

Pensándoo ben,
que me lembres a miudo só significa
que me esqueces
a maior parte do tempo

a espera

O tempo debeu esvarar
ao pisar o musgo mollado que habita na túa ausencia.
E de seguro que partiu un pé,
porque camiña ben lento o condenado.

a cita

Sirven o café e ti
rosmas non sei o que e colles a taza
e mírasme e non sei que rosmas
emporcas un pouco os beizos
por suposto co café
e bota a chover
e deixas a taza valeira
colles o paraugas
e saes.

Deixa que pago eu.

tres de novembro

Quixo dicir a palabra pero era outono,
e ela foise entre as follas
levada tamén polo vento.

a memoria

Naquel bar naquela hora
tras repetidas propinas
acadei o feito memorable
de que o camareiro lembrara o meu nome.

Saiu do bar a patadas,
como se sae dos bares
nos barrios eses tan raros
de Detroit.

Todo o que tiña
eran un as de copas
e tres ou catro sonhos murchos.
Fixo ademán de calarse
o sombreiro que non tiña,
e meteu as mans nos petos.

Nin para pagarse un miserable whisky.

Apaguei o cigarro
e a luz
e o disco dos Deaf Shepherd
e os ollos
e o aire nos pulmóns.

E calei.



Concello de AMES
Concellaría de Cultura, Deportes
e Patrimonio Histórico

colabora:

FEIRACO
FUNDACIÓN

